

### Highly Cited Researchers 2018


Dende 2014, a empresa propietaria de Web of Science (antes Thomson-Reuters, agora Clarivate Analytics) publica cada ano a relación de Highly cited researchers, persoas destacadas polo número de citas que acadaron os seus artigos en 21 ámbitos temáticos. En 2018, Clarivate analizou os artigos científicos publicados entre 2006 e 2016 incluídos en WOS, e seleccionou para cada un dos campos ESI (Essential Science Indicators, unha das súas ferramentas de análise das publicacións) as persoas autoras dunha maior cantidade de artigos altamente citados (aqueles que se atopan no 1% máis citado no seu ámbito e ano de publicación, os denominados Highly cited papers).

Este ano a relación está formada por 4.058 persoas incluídas neses 21 ámbitos temáticos, e outras 2.020 que acadaron un nivel alto de citación en varios campos, nunha nova categoría denominada "Cross-field"; esta categoría pretende recoñecer o traballo de persoas que, sen chegar ao nivel de Highly Cited Researcher en ningún campo concreto, teñen un alto nivel de citación en varios campos. Entre as persoas destacadas en

ámbitos concretos de investigación, 194 aparecen como altamente citadas en 2 campos diferentes, e 24 chegan a obter este recoñecemento en 3 categorías.


As institucións cun número máis alto de Highly cited researchers son Harvard University, National Institute of Health USA, Stanford University, Chinese Academy of Sciences, Max Planck Society de Alemaña, nas primeiras posicións, e outras universidades estadounidenses e británicas a continuación (Oxford, Cambridge, Washington St. Louis, California Los Angeles, California San Diego, MIT). As institucións españolas cun número máis elevado de Highly Cited Researchers este ano son: CSIC (21), Universitat de Barcelona (11), Universidad de Granada (10) e Universitat Jaume I (5).

A Universidade de Vigo está presente este ano con dous investigadores: Jesús Simal Gándara e Maurizio Battino, os dous na categoría Cross-field; a Universidade de Santiago de Compostela está presente con Juan J. Nieto, no campo Matemáticas.




Se nos fixamos na distribución xeográfica das institucións para as que traballan as persoas que acadaron esta distinción, observamos que o 43.9% pertencen a Estados Unidos, o 9% ao Reino Unido e o 7.9% a China.

A continuación, os países con máis de 100 Highly Cited Researchers son Alemaña (356), Australia (245), Holanda (189), Canadá (166), Francia (157), Suíza (133) e España (115).



### Presenza de mulleres e homes en USA, Canadá e Europa



A presenza de mulleres na relación de Highly Cited Researchers é moi minoritaria. Se temos en conta as persoas que traballan en institucións de Europa, Estados Unidos e Canadá, a porcentaxe de mulleres supón só o 15% do total. Obtemos a mesma proporción se nos fixamos só nas institucións españolas.

● homes  
● mulleres

### Distribución de Highly Cited Researchers por categorías. España e Portugal

Cross-Field	32%
Agricultural Sciences	12%
Engineering	9%
Clinical Medicine	8%
Plant & Animal Science	7%
Physics	5%
Chemistry	4%
Computer Science	4%
Environment/Ecology	4%
Social Sciences, general	4%
Neuroscience & Behavior	2%
Psychiatry/Psychology	2%
Economics & Business	2%
Geosciences	2%
Materials Science	1%
Mathematics	1%
Microbiology	1%
Molecular Biology & Genetics	1%
Pharmacology & Toxicology	1%

España e Portugal contan con Highly Cited Researchers en 18 dos 21 ámbitos ESI. Das 129 persoas vinculadas a institucións españolas e portuguesas, o 32% están presentes na categoría Cross-Field.

Os campos nos que non está presente ningunha persoa vinculada a institucións españolas ou portuguesas son: Biology & Biochemistry, Immunology e Space Science.

Para saber máis

Clarivate Analytics (2019). Identifying top talent in the sciences and social sciences: Highly Cited Researchers 2018. Accesible en [hcr.clarivate.com](http://hcr.clarivate.com)